

Música

Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva

Para obter unha avaliación positiva os alumnos deberán asistir a clase de xeito regular e participar activamente nas actividades prácticas propostas. Os alumnos serán examinados exclusivamente dos contidos

desenvolvidos nas programacións de aula.

Cálculo da nota de cada avaliación:

1a, 2a e 3a avaliación: a media da nota dos traballos pedidos (xeralmente dous por avaliación) máis a

media dos exames tipo test sobre contidos teóricos da materia máis a nota da parte práctica divididas entre 3.

Avaliación ordinaria de xuño: será a media da nota das tres avaliacións tendo en conta a progresión dun alumno ao longo do curso.

A nota da avaliación extraordinaria de setembro será a media entre a nota dos traballos que se pediran cara ao verán (a petición será individualizada dependendo dos bloques que cada alumno teña

suspensos) e a nota do exame de setembro.

Para aqueles alumnos que non alcancen os obxectivos didácticos que se programen en cada Unidade,

confeccionaranse, no seu momento, actividades de reforzo adaptadas a cada caso concreto.

Confeccionaranse actividades encamiñadas á propia autoavaliación dos alumnos, e intentarase que estes avalíen tamén a marcha da materia e a adecuación deste programa.

Os alumnos coa materia pendente terán unha atención continuada ao longo do curso e un programa de

recuperación. Terán dereito a unha proba extraordinaria a celebrar no mes de maio, pero poderán ser eximidos de facela se do programa de recuperación resulta unha avaliación positiva.

Para alcanzar unha cualificación positiva na materia mesmo son requisitos imprescindibles:

-que os alumnos aporten o material que o profesor demande en cada momento (libro de texto, libro de exercicios, caderno de música, instrumentos escolares persoais dos alumnos, etc)

-que os alumnos participen de xeito activo nas actividades que se desenvolvan no aula, seguindo en todo momento as indicacións do profesor.

- que os alumnos asistan regularmente á materia; dado o carácter práctico da materia non se considerará avaliación positiva se o alumno acumula un 10% de faltas sen xustificar; no caso de faltas xustificadas o profesor correspondente marcará actividades encamiñadas a avaliación positiva do alumno, como poden ser facer prácticas instrumentais ou vogais nos recreos ou en horas non lectivas.